

## RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA SOBRE EJERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS

En Santiago de Compostela, o 11 de xullo de 2017, D. Xan Xesús Duro Fernández, concelleiro delegado de Medio ambiente e convivencia, dita a seguinte resolución,

### ANTECEDENTES

1. Por decreto do 22.06.2017 o Xulgado de Primeira Instancia nº 3 desta cidade decidiu, no procedemento de execución hipotecaria nº 199/2014, convocar a poxa da finca rexistral nº 44.376 do primeiro andar da edificación da rúa Xeneral Pardiñas nº 26, da que é titular este Concello, que tivo coñecemento da antedita resolución xudicial hai uns días.

2. Á vista do anterior encargouse a elaboración urxente da análise da situación e das decisións necesarias en defensa dos intereses municipais, ditame que se emitiu con data de hoxe e que conclúe que é preciso promover un procedemento ordinario dirixido á declaración de nulidade da hipoteca constituída por "Promociones Oroso, SL" e o "Banco Popular Español, SA" con relación á finca municipal devandita e a conseguinte cancelación do seu asento por concorrer mala fe na actuación do banco que impediría que se beneficiase das presuncións derivadas do artigo 34 da Lei hipotecaria. Todo iso sen prexuízo de executar o aval constituído pola sociedade mercantil "Promociones Oroso, SL" coa mesma entidade bancaria e a favor da Corporación, por importe de 339.560 euros, para garantir o cumprimento das obrigacións derivadas da escritura de permuta do 28.03.2005. Tendo en conta a carga de traballo dos letrados da Asesoría xurídica municipal e a urxencia e complexidade da situación, encargóuselle ao avogado D. Pedro Trepal Silva a elaboración do antedito ditame e a interposición da solicitude de medidas cautelares dirixidas á suspender a tramitación da poxa xudicial, tarefas para as que se prevé un gasto de honorarios profesionais de letrado por importe de 2.500 €.

Polo exposto, en exercicio das competencias delegadas por resolución da Alcaldía do 12.01.2016 (BOP da Coruña nº 13, do 21.01.2017),

### RESOLVO

que se interpoña en nome do Concello de Santiago de Compostela a solicitude de medidas cautelares que se consideren oportunas para suspender a tramitación da poxa xudicial, sen prexuízo das posteriores accións par anular a hipoteca constituída polo Banco Popular Español SA e Promociones Oroso SL con relación á finca rexistral número 44.376 da que é titular dominical este Concello, e da execución do aval citado no antecedente 2.

O concelleiro delegado de Medio ambiente e convivencia,

